

Obdulia Prieto Nespereira, virtuosa pianista e compositora ourensá de principios do século XX.

N-o Conservatorio Nacional de Música e Declamación tivo nota de Sobresaliente n-os cinco anos de que se examinou, a nena Obdulia Prieto Nespereira, filla d' o noso bo amigo Chinto Prieto, Sobrestante d' a Deputación ourensá.

Foi porparada a distinta alumna, n-o cativo tempo de oito meses, pol-a profesora D.<sup>a</sup> Dolores Alarcón, feito que honra a ambas e duas. Felicítamolas, e tamén lle damol-a embora ó pái d' a nov' artista, y-a seu hirmau Xulio, rapaz cuyo méreto como debutante é xustamente gabado.



III Concurso de Composición  
“Obdulia Prieto Nespereira”

Fonte: “Liberal de Madrid”, 1 de xuño de 1929

### III CONCURSO DE COMPOSICIÓN “OBDULIA PRIETO NESPEREIRA”

O Conservatorio Profesional de Música de Ourense organiza xunto co Departamento de Fundamentos de Composición do Conservatorio o III Concurso de Composición. Con el preténdese fomentar a creación individual de obras musicais, a creatividade e a liberdade artística polo que a temática é libre e aceptase calquera tipo de estética ou estilo musical.

BASES:

1. Participantes: Concurso aberto a calquera persoa, agás o profesorado do CMUS de Ourense

2. Características das composicións: As obras deberán ser orixinais, inéditas, nunca antes estrenadas en público, non editadas, non premiadas noutros concursos. A dificultade das obras deberá ser accesible para o alumnado do Grao Profesional. A instrumentación pode ser para calquera das seguintes formacións:

- Piano
- Dúo clarinete e piano
- Dúo de clarinetes
- Cuarteto de guitarras
- Cuarteto de metais: 2 trompetas e 2 trombóns
- Quinteto: frauta, óboe, clarinete, trompa e fagot
- Coro
- Orquestra

A duración non excederá dos 5 minutos.

Non hai límite no número de composicións presentadas por persoa compositora.

3. Inscripción: Para inscribirse, os participantes deberán formalizar a inscrición antes do día 31 de xaneiro de 2025 e presentar a documentación (coa fin de preservar o anonimato), do seguinte xeito:

a) A obra deberá presentarse cun título e cun seudónimo como únicos datos identificativos na partitura.

b) Acompañando á partitura incluírase un sobre pechado identificado externamente co título da obra e o seudónimo. No interior deste sobre incluírase o boletín de inscrición, unha copia simple do DNI e una declaración firmada na que se indique que a obra presentada non foi editada nin estreada con anterioridade en concerto público, nin co título actual nin con calquera outro. Os traballos serán remitidos por correo postal a:

Conservatorio Profesional de Música de Ourense, Rúa Pablo Iglesias, s/n (C.P. 32004 Ourense).

Nota: No caso de resultar a obra premiada, a persoa compositora terá como máximo quince días dende a publicación do fallo do xurado para entregar as particellas necesarias para, na medida do posible, levar a cabo a interpretación da obra.

4. Xurado: O xurado será formado por 3 persoas relacionadas co mundo da música. Dito xurado resérvase o dereito de declarar deserto calquera dos premios, así como de adxudicar os Accésit que estime oportunos. O fallo do xurado será inapelable e poderá resolver calquera casuística non contemplada nestas bases.

5. Premios:

1º Premio “Obdulia Prieto Nespereira” : 200 euros en cheque para material musical

2º Premio “CMUS Ourense”, exclusivamente para alumnado do CMUS de Ourense: 150 euros en cheque para material escolar

Os premios poden ser acumulativos a unha mesma obra e autor.

Máis información: [cmus.ourense@edu.xunta.gal](mailto:cmus.ourense@edu.xunta.gal)

### BOLETÍN INSCRICIÓN III CONCURSO DE COMPOSICIÓN “OBDULIA PRIETO NESPEREIRA”

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Teléfono de contacto: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Alumno/a do CMUS Profesional de Ourense Sí \_\_\_\_\_ Non \_\_\_\_\_

